




**Colexio Oficial  
de Biólogos  
de Galicia**



**OS BIÓLOGOS, PROFESIONAIS IMPRESCINDIBLES PARA A VIDA**

## Que é unha profesión regulada?

É aquela profesión titulada universitaria á que o Estado recoñece unha importancia específica e relevante para a sociedade. Este recoñecemento faise a través da creación do colexio profesional correspondente e de normas que regulan as actividades da profesión.

O Estado crea un colexio profesional por medio dunha lei, votada polo Parlamento, que é a expresión da soberanía popular.

Polo tanto, o recoñecemento dunha profesión por parte do Estado non é un dereito dos profesionais, senón un acto político do mesmo. Un colexio profesional é unha corporación de dereito público, como un concello ou

unha cámara agraria. As súas funcións son as de:

- Representar en exclusiva á súa profesión diante dos poderes públicos e a sociedade civil
- Regular as actividades dos seus profesionais
- Defender os dereitos profesionais dos seus membros

## Que é ser biólogo?

Desde a creación do COB existe a profesión de biólogo (Lei 75/1980, de 26 de decembro). E o artigo 8º dos Estatutos do Colexio de Biólogos de Galicia especifica que a incorporación é obrigatoria para o exercicio da profesión de biólogo (Decreto 150/2008, do 3 de xullo, DOG nº 141,

do 22 de xullo de 2008). O artigo 149.1.30 da Constitución distingue entre “*títulos académicos*” e “*títulos profesionais*”.

## Quen pode ser biólogo?

Calquer titulado universitario en Ciencias Naturais, Ciencias (Sección Biolóxicas), Ciencias Biolóxicas, Bioloxía, Bioquímica... Diversas titulacións académicas dan orixe a un único título profesional, o de biólogo. Os colexios oficiais de biólogos outorgan o título profesional de biólogo aos licenciados antes indicados cando se inscriben neses colexios profesionais.

## As actividades profesionais dos biólogos

O artigo 17º do Decreto 150/2008 antes citado indica as funcións que pode desempeñar o Biólogo na súa actividade profesional. Pódense sintetizar como sigue:

### Sector Ambiental

- Estudos de impacto ambiental
- Xestión de espazos naturais
- Control e depuración de augas residuais
- Sistemas de xestión ambiental
- Auditorías ambientais
- Planificación e ordenación do territorio
- Conservación de especies: flora e fauna
- Reprodución de especies
- Solos
- Restauración do medio e da paisaxe. Reforestacións
- Xestión da contaminación e de residuos: industriais, agrícolas, sanitarios e urbanos
- Asesoramento científico-técnico
- Xestión ambiental industrial
- Estudos ecolóxicos
- Limnoloxía e bioloxía mariña
- Servizos ambientais das administracións públicas
- Axenda 21 local
- Prevención de riscos naturais e incendios forestais
- Dinámica de poboacións: manexo e control

### Sanidade

- Tratamento de pragas e epizootías. Fitosanitarios
- Desratización, desinsectación e desinfección
- Análise biolóxica de augas e alimentos
- Análises clínicas
- Consello xenético
- Nutrición e dietética
- Toxicoloxía. Avaliación de riscos
- Reprodución humana e planificación familiar
- Bioquímica, Microbioloxía e Parasitoloxía, Inmunoloxía, Radiofísica hospitalaria.
- Estudos demográficos e epidemiolóxicos
- Control de axentes biolóxicos patóxenos
- Investigación científica sanitaria
- Biotecnoloxía sanitaria
- Sanidade ambiental
- Radiacións electromagnéticas
- Bioelectromagnetismo

### Produción e Calidade

- Medicamentos de uso humano e veterinario
- Análise agroalimentaria
- Calidade na industria alimentaria
- Acuicultura (auga doce e mariña)
- Producción agropecuaria convencional e ecolóxica
- Biotecnoloxía industrial e agraria
- Producción forestal
- Apicultura, Helicicultura
- Viticultura, Enoloxía

- Turismo rural-natural
- Producción pesqueira
- Xestión cinexética
- Xestión sustentable de recursos naturais
- Investigación e desenvolvemento
- Xestión da calidade
- Cosmética
- Viveiros e xardinería
- Plantas medicinais e herboristería
- Promoción e desenvolvemento rural
- Cooperación e desenvolvemento internacional

### Formación-Docencia

- Universidade
- Secundaria
- Non regulada: formación ocupacional, escolas taller
- Educación ambiental e para a saúde

### Servizos

- Prevención de riscos laborais-saúde laboral
- Bioloxía do lecer (zoolóxicos, museos, parques temáticos, acuarios e xardíns botánicos)
- Comportamento animal
- Marketing-Comercial de produtos farmacéuticos e aparatos de laboratorio
- Experimentación animal
- Protección radiolóxica e seguridade nuclear
- Divulgación científica
- Taxacións e peritaxes

## Para que sirve o Colexio?

Os fins e funcións do Colexio aparecen recollidos nos seus Estatutos (artigos 5º e 6º do Decreto 150/2008, do 3 de xullo): A ordenación do exercicio da profesión de Biólogo en todas as súas formas e especialidades, a promoción, salvagarda e observación dos seus principios deontolóxicos e éticos, a promoción e fomento do progreso da Bioloxía e a colaboración cos poderes públicos na consecución dos dereitos individuais e colectivos recoñecidos pola Constitución. En canto aos servizos que presta, nun ámbito moito máis práctico, inmediato e cercano ao Colexiado, poden concretarse en:

- **Actividades formativas:** Cursos, xornadas, seminarios...
- **Asesoría** e defensa xurídicas.
- **Biblioteca** especializada.
- **Bolsa de Emprego.**
- Certificado de **Boa Práctica de Experimentación** con Especies Animais, incluída a humana.
- **Compulsa de documentos.**
- **Directorio de Biólogos.**
- **Ficheiro de Expertos.**
- **Guía de Peritos Xudiciais.**
- **NOVAS COBGA (semanal e mensual):** Emprego, bolsas, axudas, subvencións, congresos, cursos, lexislación...
- **Póliza de Responsabilidade Civil.**
- **Publicacións.**
- **Rexistro de Traballos Profesionais.**
- **Trato diferencial en produtos e servizos diversos** (entidades bancarias, seguros, librerías, hoteis...).
- **Visado de proxectos profesionais.**

## Como Colexiarse?

Para Colexiarse necesítase o seguinte:

- Tres fotografías
  - (\*) DNI
  - (\*) Orixinal + copia do Título (Licenciatura ou Grao).
- Se aínda non se posúe o Título, deberá presentarse unha Certificación do Pagamento dos Dereitos de Expedición do Título + copia
- Nº de conta bancaria (IBAN, 24 caracteres)
  - Impresos, a obter en <http://www.biologosdegalicia.org/formularios.html> ou que facilitará o Colexio

No caso de que a Colexación se faga por correo, a documentación marcada cun asterisco (\*) deberá vir

compulsada por un notario (única e exclusivamente).

### Cota de Inscripción:

- 15,00 €. Licenciados/as ou Graduados/as (data remate de estudos) nos últimos 12 meses.
- 35,00 €. Licenciados/as ou Graduados/as (data remate de estudos) hai máis dun ano.
- 2,00 €. Colexiados procedentes do Colexio de Doutores e Licenciados. Presentarán ademais o último recibo de pago.

### Cota anual de Colexación:

- Reducida: 60,00 €. Colexiados en situación de desemprego, demostrando esa condición mediante o Informe ou DARDE expedido pola Oficina de Emprego ou servizo electrónico correspondente.

- Normal: 103,00 €. Colexiados que traballen.

No momento da solicitude de alta aboarase a cota de inscrición que corresponda e a parte proporcional da cota de Colexación, a razón de 5,00 €/mes a cota reducida e 8,58 €/mes a cota normal. Estes pagos faranse en efectivo no caso da Colexación presencial, ou mediante xiro postal ou transferencia bancaria no caso da Colexación por correo (consultando previamente o importe e o nº de conta).

Emítense dous recibos ao ano: un en xaneiro e outro en xullo, en cada caso pola metade do importe correspondente.



**Colexio Oficial  
de Biólogos  
de Galicia**

*Tradicionalmente, un facíase biólogo despois de estudar medicina ou por ter sido naturalista desde pequeno. Na actualidade, é moito máis corrente que os xoves se interesen polas ciencias da vida grazas aos medios de comunicación, sobre todo os documentais televisivos sobre a natureza, ás visitas aos museos (case sempre empezando pola sala de dinosauros) ou a un profesor que os inspira.*

*Miles de xoves dedícanse a observar os paxaros e algúns deles fanse biólogos profesionais (como fixen eu). O ingrediente máis importante é a fascinación exercida polas maravillas dos seres vivos. Á maioría dos biólogos lles dura toda a vida; xamais deixan de apaixonarlles os descubrimentos científicos, sexan empíricos ou teóricos, nin perden a afición a buscar novas ideas, novos puntos de vista, novos organismos...*

*E moitos aspectos da bioloxía inflúen directamente nas nosas circunstancias persoais e no noso sistema de valores. Ser biólogo non é un traballo; é elixir un modo de vida.*

**Así é a bioloxía. Ernst Mayr**

Banquete de Conxo,6-baixo.  
Apartado de Correos, 1130, 15780 SANTIAGO (A Coruña)  
Tel. 981 53 14 40 Fax 981 53 42 25  
info@biologosdegalicia.org  
www.biologosdegalicia.org

Redes Sociais:  
Twitter @cobgalicia  
Facebook <https://www.facebook.com/cobgalicia>  
Google+ [www.google.com/+COBGalicia](https://www.google.com/+COBGalicia)  
LinkedIn <http://es.linkedin.com/in/cobgalicia>